

Asunto: Solicitud de colaboración voluntaria para a Gran Final das Series Mundiais 2026 en Pontevedra

Estimado/a:

Coa celebración da Gran Final das Series Mundiais de Tríatlon 2026, Pontevedra acollerá, entre o 23 e o 27 de setembro, máis de 15.000 visitantes. Este evento situará, unha vez máis, a nosa cidade no centro internacional do tríatlon, e queremos contar coa máxima colaboración para garantir o éxito desta gran cita deportiva.

Pontevedra é unha cidade acolledora, na que tanto participantes como visitantes se senten como na casa grazas ao carácter hospitalario da nosa xente. Este espírito de acollida non sería posible sen o traballo e o compromiso das persoas que, de maneira voluntaria, contribúen a facer realidade eventos como esta Gran Final.

Para garantir unha organización de primeiro nivel, precisamos da colaboración de centos de persoas maiores de 14 anos que queiran participar activamente nas diferentes tarefas necesarias e, ao mesmo tempo, vivir desde dentro unha das grandes citas deportivas internacionais do ano. Todas as colaboracións serán coordinadas pola Oficina de Voluntariado de Pontevedra.

Por este motivo, se o centro que dirixe estivese interesado en colaborar, gustaríanos concertar unha reunión na data que máis lle conveña para presentar o Plan de Voluntariado da Gran Final das Series Mundiais 2026. Deste xeito, tanto o alumnado como o profesorado poderán coñecer de primeira man as posibilidades de participación e formar parte activa deste importante evento.

Para concretar a visita explicativa e os detalles da colaboración, agradecemoslle que se poña en contacto coa Oficina de Voluntariado a través do correo electrónico **oficinadevoluntariado@gmail.com** ou por WhatsApp no **606 119 915**. Así mesmo, agradeceríamos que designase unha persoa de contacto e nos facilitase un enderezo de correo electrónico para axilizar a coordinación.

Agradecemoslle de antemán o seu interese e colaboración e quedamos á súa disposición para calquera consulta adicional.

Atentamente,

Miguel Anxo Fernández Lores

